

Inverno

MUSEO DE PONTEVEDRA

DO 21 DE DECEMBRO DE 2025 AO 20 DE MARZO DE 2026

Mozos no ximnasio. Fotografía, 1896. Autoría descoñecida



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

Debuxar coa luz. A fotografía en Pontevedra no século XIX

Ata o 5 de abril

Unha mostra para dar a coñecer a obra das e dos fotógrafos profesionais e afeccionados que traballaron entre 1843 e 1900 en Pontevedra. Do daguerrotipo á revisa ilustrada, pasando pola tarxeta de visita, a crónica urbana e a fotografía científica e patrimonial, as súas cámaras foron testemuñas dun tempo de grandes transformacións e construíron a memoria visual da cidade.

Comisarias: Cristina Echave Durán e Reis Camiña Castro

Visitas guiadas: os xoves, ás 18 h, e os domingos, ás 12 h, a partir do 15 de xaneiro

San Sebastián, corpo de beleza e de dor. Unha paixón privada

Do 30 de xaneiro ao 5 de abril

Unha extensa representación de imaxes de san Sebastián que van desde as estampas de mestres gravadores a partir do século XVI ata un mostrario das derivadas gráficas actuais en carteis, portadas de revistas, discos, libros, camisetas ou mesmo perfumes, xunto con breves paradas na escultura e na cerámica. Obras procedentes do coleccionismo privado para achegarse ao homoerotismo na iconografía de san Sebastián mártir.

Comisariado: Xosé Manuel Buxán Bran e Natalia Fraguas Fernández

José Ruibal. Un escritor de centenario

Ata o 18 de xaneiro

Mostra conmemorativa co gallo do centenario do escritor pontevedrés, que, como dramaturgo, foi un dos máis sinalados representantes do teatro de vangarda en España no último terzo do século pasado, cunha traxectoria que gozou de especial recoñecemento nos Estados Unidos.

Comisario: Xosé Enrique Acuña

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

Leopoldo Varela, a forza da cor

Ata o 11 de xaneiro

Exposición retrospectiva sobre Leopoldo Varela (O Porriño, 1927-Vigo, 2007), un pintor que emprendeu a súa propia viaxe cara á forza da cor, que se converteu no instrumento básico da súa pintura, sen preocuparlle perder o vínculo coa realidade.

Comisaria: Beatriz de San Ildefonso Rodríguez

Infiltracións III. Marta Pazos. *Dalia*

Prorrogada ata o 11 de xaneiro

Infiltracións é un proxecto para incorporar discursos contemporáneos ao Museo de Pontevedra coa creación de obras específicas que ofrezan novas lecturas sobre os seus fondos. A directora de escena e dramaturga Marta Pazos (Pontevedra, 1977) transforma o rexistro fotográfico das flores do xardín da súa avoa nun xardín vertical que inunda de cor a fachada do museo.

Comisario: Iñaki Martínez Antelo

PARA TODOS OS PÚBLICOS

OBRADOIROS INFANTÍS

Obradoiros de Nadal

23, 26 e 30 de decembro e 2 de xaneiro

Obradoiros dirixidos a nenas e nenos de 5 a 12 anos que toman como punto de partida a exposición *Debuxar coa luz. A fotografía en Pontevedra no século XIX*, presente no Museo de Pontevedra a partir do 19 de decembro. Cos títulos Publicidade Improbable (23 de decembro), Pontevedra Remix (26 de decembro), Retratos Enredados (30 de decembro) e O Xornal de Aninovo (2 de xaneiro), estes obradoiros serán impartidos polo Comité Ilustrado, un colectivo formado por Michel Casado e Sofía Venzel. Con inscrición previa.

Obradoiros de Entroido

Martes 10 e mércores 11 de febreiro

Os elementos ligados ao Entroido son protagonistas destes obradoiros que se desenvolven nas mañás do Martes de Entroido e do Mércores de Cinza. Con inscrición previa.

PROXECCIÓN

Documental: *Castelao, a revolución gráfica en Galicia. O linoleogravado*

Xoves 22 de xaneiro, ás 19 h

33 min. Dirixe: Xan Leira. 2025

Un achegamento ao proceso histórico polo que o linóleo se converteu nun dos motores fundamentais da renovación estética e editorial en Galicia na década de 1920. O filme reconstrúe cronoloxicamente este fenómeno a través das voces de especialistas de referencia coma Daniel Buján Núñez, Ángeles Tilve Jar, Carlos L. Bernárdez, Xoán Pastor Rodríguez, Miguel Anxo Seixas Seoane e Ricardo Gurriarán.

PRESENTACIÓN EDITORIAL

Presentación da banda deseñada *Castelao en Pontevedra (1916-1936)*, de Miguel Pérez Ramudo

Mércores 28 de xaneiro, ás 19 h

Presentación desta banda deseñada de 52 páxinas en formato A4, que percorre a traxectoria artística, pero tamén vital, social e política de Castelao nos anos que pasou en Pontevedra. O cómic, de Miguel Pérez Ramudo, é un proxecto editorial de Almacén de Fábulas para o Museo de Pontevedra con motivo do Ano Castelao.

CURSOS E OBRADOIROS PARA PÚBLICO ADULTO E FAMILIAR

Máis que Musas. Creadoras na Vangarda **Os martes do 3 de febreiro ao 7 de abril, ás 19 h**

Oito sesións para cuestionar o papel da muller na historia canónica da arte. Marta Riera percorrerá diversos contextos culturais, xeográficos e temporais de mulleres vinculadas a distintas disciplinas artísticas, e analizará as súas experiencias vitais e o seu legado no presente: Élisabeth Vigée Le Brun, Cecilia Beaux, Gabriele Münter, Eileen Gray, Barbara Hepworth, Peggy Guggenheim, Lee Miller e Maruja Mallo.

Pintar coa Luz. Colaxes Animadas

Sábados 7 e 21 de febreiro, ás 12 h

Obradoiro dirixido a público de calquera idade a partir de 8 anos, que será impartido por Montse Piñeiro. As e os participantes extraerán das fotografías antigas personaxes e espazos que modificarán a través do recorte e do debuxo. Cando teñan preparadas as súas composicións, realizarán pequenas animacións en *stop motion* coa axuda dun teléfono móbil ou dunha tableta.

Museo Singular, Mirada Plural. O Museo Reinterpretado desde a Diversidade

Os martes de marzo a maio

Unha proposta artística e educativa que abre novas vías de relación entre o Museo de Pontevedra e a cidadanía, a través dunha experiencia creativa con mulleres con diversidade funcional. Durante tres meses, as participantes escenificarán e reinterpretarán obras da colección do museo a través do corpo, da fotografía e do vídeo. O proceso culminará nunha exposición final, onde se amosará o resultado do traballo realizado para xerar un diálogo vivo entre o patrimonio histórico e as miradas diversas do presente. Impartido por Laura Álvarez e Antía Sánchez, de Proxecto Aire.

CONCERTOS

Ao son do piano

- **Javier Otero Neira**

Sábado 7 de febreiro, ás 12:30 h

Javier Otero defínese como un artista polifacético, de formación clásica pero interesado en todo tipo de músicas. En directo toca o piano e sintetizadores acompañado por Rubén Iglesias, que toca o baixo eléctrico e tamén sintetizadores. Unha posta en escena que conxuga a vangarda coa esencia do piano e da música electrónica.

- **Elsa Muñiz: *Pianotelling* e *New Beginnings***

Mércores 11 de febreiro, ás 19 h

Elsa Muñiz creou o *pianotelling*: unha fusión de piano, caligramas e microrrelatos. Preséntao nun espectáculo inmersivo e emocionante no que interpreta os temas orixinais do seu álbum *New Beginnings*.

- **Paula Ríos. *A música da Xeración do 27***

Mércores 18 de marzo, ás 19 h

Descrita como unha intérprete de forte personalidade, refinada técnica e orixinalidade nas súas propostas, unha das facetas de Paula Ríos é a investigación do repertorio do nacionalismo e das vangardas en España. Neste concerto interpretará a Rosa García Ascot, Ernesto Halffter, Juan José Mantecón, Gustavo Pittaluga, Rodolfo Halffter, Manuel Blancafort e Manuel de Falla.

SEMINARIOS E CONFERENCIAS

SEMINARIOS

Museos, Feminismos, Canon: Xornada Monográfica sobre Maruja Mallo

Venres 30 de xaneiro, de 10 a 14 h

Este seminario, centrado en revisar os estereotipos de xénero na arte e as lecturas sobre o rol da muller na historia e no presente, chega á súa cuarta edición para poñer o foco sobre Maruja Mallo. Contará coas conferencias de Estrella de Diego, investigadora de referencia sobre a teoría de xénero e os estudos culturais poscoloniais e a construción de identidades na modernidade, profesora da Universidade Complutense, autora do libro *Maruja Mallo* (Fundación Mapfre, 2008) e integrante do equipo responsable do catálogo razoado de óleos de Maruja Mallo publicado en 2021; e Patricia Molins, membro do Departamento de Exposicións do Museo Reina Sofía e comisaria da exposición sobre Maruja Mallo no Centro Botín que agora se pode ver no Reina Sofía. Alumnado das universidades de Vigo e Santiago de Compostela presentará comunicacións relacionadas coa artista.

CONFERENCIAS

Isabel Tejada: “Das exposicións de mulleres artistas aos proxectos curatoriais feministas en España”

Marzo

A conferencia céntrase na evolución da visibilización das mulleres artistas dentro do panorama artístico español. A súa intervención abarca desde os primeiros esforzos para darlle visibilidade ao traballo das mulleres no campo da arte ata a consolidación de proxectos curatoriais feministas que teñen como obxectivo desafiar as estruturas patriarcais e promover a equidade de xénero nas galerías e museos. Complétase cun obradoiro realizado o día anterior na Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

XORNADAS

Arquivos Gráficos nos Museos

Marzo

No contexto da celebración da exposición *Debuxar coa luz. A fotografía en Pontevedra no século XIX*, ten lugar esta xornada técnica para analizar o papel dos arquivos gráficos de institucións museísticas na adquisición, conservación, investigación e difusión do patrimonio fotográfico.

VISITAS GUIADAS

Á exposición permanente

Sábados, domingos e festivos, ás 12 h

Á exposición *Debuxar coa luz.*

A fotografía en Pontevedra no século XIX

Os xoves, ás 18 h, e os domingos, ás 12 h, a partir do 15 de xaneiro

Toda a programación terá lugar nos edificios Castelao e Sarmiento e é de acceso libre sen reserva previa, salvo que se indique o contrario.

+34 986 804 100 / educacion.museo@depo.gal



museo.depo.gal



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA